

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 7 de outubro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.-Entrega a título póstumo das seguintes distincións:

Titulo de fillo predilecto a D. Laureano Gómez-Paratcha

Titulo de fillo adoptivo a D. Luis Pando Rivero.

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Propuestas

ASUNTOS PLENO

1.- ENTREGA A TÍTULO PÓSTUMO DAS SEGUINTE DISTINCIONS: TITULO DE FILLO PREDILECTO A D. LAUREANO GÓMEZ-PARATCHA. TITULO DE FILLO ADOPTIVO A D. LUIS PANDO RIVERO: Pola Sra. Secretaria indícase:

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2017 adoptou o seguinte acordo.

Dáse conta da proposta da Alcaldía coa finalidade de que o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa nomee Fillo Adoptivo a D. Luís Pando Rivero e Fillo Predilecto a D. Laureano Gómez-Paratcha, do seguinte teor:

Coa finalidade de dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica e recuperar a memoria das vítimas da Guerra Civil e do franquismo a alcaldía considera que procede recoñecer os méritos que concorren nas persoas de D. Luís Pando Rivero e D. Laureano Gómez-Paratcha.

D. Luís Pando Rivero, asturiano de nacemento, foi xuíz en Vilagarcía de Arousa durante a II República. Era admirado e respectado polos veciños da vila e estaba comprometido cos valores democráticos que representou a II República. Foi fusilado en A Caeira (Pontevedra) o 4 de decembro de 1936 por defender os seus principios.

D. Laureano Gómez-Paratcha, vilagarcían, foi ministro de industria e comercio en 1933 e deputado a Cortes pola circunscrición de Pontevedra. Alcalde de Vilagarcía entre abril de 1922 e

abril de 1923. Ao comezar a Guerra Civil foi sometido a consello de guerra e condenado a doce anos de cárcere debido a súa militancia republicana e galeguista.

O artigo VIII do Regulamento Municipal de Protocolo e Cerimonial establece o procedemento de concesión da distinción no que deberá contar o seguinte:

1. Proposta da Presidencia, membros da Corporación ou a intención de terceiros, acompañado da memoria acreditativa dos méritos que concorran nos aspirantes acredores ás distincións propostas, incluíndose nelas as adhesións que se produciron.
2. Informe técnico da Secretaria do Concello.
3. Resolución da Presidencia ordenando a incoación.
4. Ditame da Comisión Informativa correspondente.
5. Acordo plenario das concesións, adoptado pola maioría absoluta dos membros da Corporación.

Tendo en conta que se cumpriron os citados trámites, o Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa, ACORDOU o día 26 de xaneiro de 2017, por maioría absoluta conceder a título póstumo, as concesións de Fillo Adoptivo a D. Luís Pando Rivero e Fillo Predilecto a D. Laureano Gómez-Paratcha.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171007&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.